



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xuño 2018 • Nº 225



AVISO AVARÍAS ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Lembrámoslle a toda a veciñanza que os avisos por avarías nos farois de iluminación pública deben realizarse no teléfono da empresa do servizo de mantemento: 981.50.05.06.

HORARIO DE VERÁN NO CONCELLO DE VEDRA DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Do 15 de xuño ao 15 de setembro
De luns a venres de
9:00 h. a 13:00 h.

AXENDA ASOCIATIVA PARA XUÑO

- **Xogo de Peñas** da asociación xuvenil A Dorna de Trobe, aberto o prazo para anotarse.
- **Ruta turística en BTT pola Costa da Morte** de Ribadulla Cicloescusa, o domingo 10 de xuño.
- **Certame de Corais** na casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla o 16 de xuño ás 20:30 h.
- **Representación das obras da escola de teatro de Andaravía: Xs Papaventiñxs** (grupo de nenos e nenas) e **A Bóla Azul** o 29 de xuño.
- **"Andaravía Teatro"** representará a obra estreada neste 2018: **Moito barullo e poucas carolas**, o 30 de xuño.
- O campo de fútbol do CD San Mamed acollerá un **Campus da Fundación Celta** do 2 ao 6 de xullo.

XUÑO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

AXENDA PARA O MES DE XUÑO

- **Representación da obra "Contos de zapatilla"** do grupo de maiores na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla, o 10 de xuño ás 19:00 h.
- **Aberto o prazo para anotarse aos Campamentos Deportivos da Deputación 2018** ata o 15 de xuño.
- **Nova ruta de sendeirismo Circular O Grove** o 16 de xuño.
- **Programación da Terceira Idade:**
 - **Excursión ao Pazo de Faramello e Comarca do Barbanza**, o 6 de xuño.
 - **Bingo especial de verán** o 7 de xuño.
 - **Baile-Sardiñada de San Xoán** o 16 de xuño.
 - **Certame de corais do Municipio de Vedra** o 23 e 24 de xuño.
 - **Clausura-fin de curso actividades** do Centro Social o 26 xuño.
- **Programación Ponte de verán:**
 - **Descenso do Ulla en Piragüas**, o 30 de xuño.
 - **Goza do Ulla**, aberto o prazo para anotase.
 - **Piscina Municipal**, abre o 8 de xuño.
 - **Ludoteca de Verán**, aberto o prazo para anotarse.
 - **Acamparte 2018** da Anpa CEIP Ortigueira, prazo aberto para anotarse ata o 22 de xuño.
 - **Escola de Verán de Amabul**, aberto o prazo para anotarse.

Ponte de Verán

No interior todas as actividades para o verán en Vedra.



Segunda reunión transnacional do Proxecto Youthnest. Crea (Eramus +)



Vedra participou na Fit Guarda do 28 de abril ao 2 de maio nunha caseta en colaboración coa Deputación da Coruña.

AS LETRAS GALEGAS NO CONCELLO DE VEDRA



Ler Conta moito.



Música nas letras galegas.



Presentación do Libro Pico Sacro.



Romaría da Terceira Idade.



Campaña RAEE "O que se enchufa, recíclase" nos colexios.



Charlas sobre a nova Lei de Protección e Benestar dos animais domésticos.



Presentación do Goza do Ulla 2018 no concello de Vilagarcía de Arousa.



Equipo representante de Vedra no Torneo Intermunicipal de Fútbol Sala, parabéns pola cuarta praza acadada.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Serán-Foliada da Asociación San Campio.



Concurso Serán das Letras.

De Interese



PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ O 31 de maio remataba o prazo para realizar os traballos de limpeza e corta de arboredo naquelas parcelas que incumprisen co disposto na Lei de incendios e nas súas posteriores modificacións. A partir deste momento e tendo en conta, ademais, que o concello de Vedra é un municipio considerado zona de alto risco de incendio, as persoas que incumpran coa normativa vixente en materia de prevención de incendios expóñense ás correspondentes sancións. A maiores disto, a Administración poderá repercutirle os gastos de extinción no caso de incendio forestal. Por iso rogámoslles a todas as persoas propietarias que aínda non cumpriron con estas obrigas que o fagan coa maior brevidade posible. Así mesmo, agradecemoslles a todas as persoas que xa cumpriron con elas o esforzo realizado para adaptarse á normativa.

OBRIGAS:

1º. Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais:

a) ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (recordamos que hai que limpar tamén a maleza das parcelas urbanas).

b) arredor das edificacións situadas a menos de 400 metros do monte.



c) arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

2º. Retirar piñeiros, eucaliptos, mimosa, acacia e o resto de especies recollidas na D.A. 3º da Lei de incendios que estean situados a menos de 50 metros dos solos e edificacións indicados no punto anterior.

PROHIBICIÓNS:

-Durante o período de alto risco de incendio que disporá a Consellería do Medio Rural **non se poderán realizar queimas de restos agrícolas.**

-Neste mesmo período estival queda prohibida a realización de grelladas ou calquera tipo de fogueira nas zonas agrícolas, forestais ou de influencia forestal. Independentemente de que contén con infraestruturas para a preparación de alimentos.

II ENCONTRO INTERNACIONAL DO PROXECTO EMPRENDIMENTO XUVENIL YOUTHNEST.CREA (ERASMUS +)

■ O concello de Vedra participou na Toscana no segundo encontro internacional do proxecto de emprendemento xuvenil Youthnest.crea

Hai uns días celebrouse na Comune di Capannori en Italia o segundo encontro internacional para a coordinación do proxecto de emprendemento xuvenil do programa Erasmus + Youthnest. Crea: incubadora transnacional de emprendemento creativo no rural europeo, do que o Concello de Vedra forma parte como líder xunto con outras 5 entidades de diferentes países europeos. Durante este encontro as entidades participantes puideron coñecer de primeira man iniciativas emprendedoras creativas que se están desenvolvendo no municipio de Capannori, así como chegar a acordos sobre as novas fases de proxecto.

No marco deste encontro o Alcalde de Vedra iniciou os primeiros contactos para lograr un pacto de amizade entre Vedra e Capannori e que será o primeiro paso para futuros proxectos conxuntos, dado que son concellos que teñen moitas similitudes, por ser de ámbito rural, con tradición vitivinícola, etc. Ademais teñen outro vínculo común, o da camelia, flor con grande tradición en ambos territorios. Durante o acto celebrado no Cameliatum de Capannori plantáronse dúas camelias, unha dedicada ao concello de Vedra e outra ao municipio de La Gaude (Francia), que tamén conta cunha grande vinculación coa citada flor. No acto estiveron presentes o Alcalde de Vedra, o Alcalde de Capannori, e a presidenta do Comité de Jumelage La Cathode de La Gaude.



INICIATIVA XOVE 2018

■ A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, convoca o programa iniciativa Xove, que consiste en axudas económicas para a posta en marcha de iniciativas xuvenís, entendidas como proxectos liderados pola mocidade de Galicia.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 18 de xuño de 2018.

Máis información: no DOG do 16 de maio de 2018 ou en <http://xuventude.xunta.es/iniciativaxove>

Medio Ambiente

CONTINUÁ A LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ Continúa a loita contra a "vespa velutina" en Vedra.

Se ves un niño chama ao 012 ou ao Concello 981 814 612.





Ponte de Verán

...Co verán chegan as vacacións, o bo tempo, as festas,...
é o momento de botarlle un ollo a todas as propostas que chegan a Vedra!!

Podes consultar este folleto e toda a información relativa, na nosa páxina web www.concellodevedra.com.

TODA A INFORMACIÓN DE CADA UNHA DAS
PROPOSTAS DE VERÁN NO MAIL
cultura@concellodevedra.com e no teléfono 981 814 691.

VOLUNTARIADO XUVENIL

Achégase o verán... tes moito tempo libre, e non sabes que facer co mesmo? Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencia de cara a un futuro laboral? Anímate a participar como voluntario xuvenil! e reserva a túa praza (prazas limitadas).

Se tes entre **16 e 30 anos**, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as **accións voluntarias**: atención a peregrinos, dinamización sociocultural, accións ambientais, campos de traballo ...

Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Se estás interesado/a e queres recibir máis información ou inscribirte, podes contactar a través de:
Tel. 981.814.695 xuventude@concellodevedra.com

APÚNTATE XA!!!

ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE NO VERÁN

Descenso do Ulla en Piraguas
O sábado 30 de xuño

Sábado 30 de xuño ás 11:00 h.

Illas de Gres-Agronovo. Percorrido aproximado 12 km.

Prezo: 20 euros/persoa. (Inclúe piragua, desprazamento entre os puntos de chegada e saída e seguro participante)

Inscripcións ata o 25 de xuño (prazas limitadas) no mail:
cultura@concellodevedra.com e no teléfono 981 814 691

Excursión Aquapark de Cerceda
Xoves 19 de xullo

Custe:

Ata 4 anos gratis.


De 5 a 12 anos: 7 euros.

Maiores de 12 anos: 10 euros.

Os menores de 12 anos teñen que levar acompañante.

Información e inscricións no mail:

cultura@concellodevedra.com e no teléfono 981 814 691



Ponte de Verán

Campo de Traballo 2018 Vedra "Re-Crea" Do 20 ao 31 de xullo

Esta iniciativa de verán pretende traballar dende a temática artística, na cal mozos/as de diferentes procedencias farán unha intervención para mellorar o aspecto de determinadas zonas que se viron afectadas polo desenvolvemento urbanístico e a evolución nas vías de comunicación. Por medio da **creatividade da xuventude** e a través da elaboración de grandes paneis artísticos.

Por outra banda realizaranse actividades de intervención social (ludotecas, campamentos, persoas maiores...), actividades recreativas, deportivas e turístico- culturais.

ANÍMATE, SERÁ UNHA GRAN EXPERIENCIA!!!

Está destinado a mozos/as de todo o Estado español (nacional) e tamén doutros países (internacional) e levarase a cabo do 20 ao 31 de xullo de 2018.

Se téis interese en participar inscíbete pronto xa que as prazas son limitadas.

Acamparte 2018 Da ANPA CEIP Ortigueira

Alternativa para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos para pasalo en grande aprendendo a nosa tradición con moita festa!

No "Acamparte" haberá tempo para excursións á contorna, días de piscina, xogos de auga...

Inscripción ata o 22 de xuño. Prazas limitadas

acamparte
do 2-31 de xullo
en Sta Cruz de Ribadulla

CAMPAMENTO DE VERÁN

prezas limitadas 30
grupo mínimo 20
inscrición ata o 22 de xuño

Prezo:
Socios/as mes: 100 €
non socios/as mes: 125 €
2 semanas: 60 € 2 semanas: 75 €

Inclúe:
piscina
piraguas
visitas a Agronovo
grandes xogos
obradoiros de artes urbanas

Organiza
ANPA
Ortigueira

Colabora
Concello de Vedra

tipo e inscrición 625204119
661351053

Goza do Ulla 2018

...GOZA DO ULLA EN VEDRA O DOMINGO 5 DE AGOSTO CORREDOR TEMÁTICO DO RÍO ULLA "SAN XOÁN DA COVA"

Esta ruta discorre por un tramo da Vía da Prata e o resto discorre pola marxe dereita do río Ulla, aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura).

Ten o seu inicio na Capela do Santiaguíño e o remate na Área de Recreo de Cubelas. No seu percorrido atopámonos con numerosos puntos de interese, a capela e a fonte do Santiaguíño, o pobo da Ponte Ulla coa súa igrexa, o muíño de Reboredo, a Área de Recreo de Agronovo, o Couto de Ximonde...

Son 14.6 km de percorrido gozando da beleza paisaxística de Vedra.

Punto e hora de encontro: Área de Cubelas (San Pedro de Sarandón) ás 9.30 h.

Podes anotarte no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico casadospeons@concellodevedra.com

ESCOLA DE VERÁN DA ASOCIACIÓN MEDIO AMBIENTAL AMABUL

Volve esta alternativa de verán que busca que as mozas e mozos de Vedra, se fagan protagonistas da súa educación, interactuando co medio que as/os rodea.

Para quen é? Para a mocidade maior de doce anos.

Como é? Durante o mes de xullo a ESCOLA DE VERÁN AMABUL imos facer acampadas e saídas, descubertas da contorna, obradoiros con xente de Vedra e moito máis.

Cando é? Do 2 ao 28 de xullo de luns a venres en horario de 10:00 a 14:00 horas (agás en actividades puntuais).

Onde é? No local social de Vedra (temos servizos de transporte a todas as parroquias do concello)

Canto custa? 100 euros (para saídas, manutención, desprazamentos).

Máis información e inscricións:

www.facebook.com/asoc.amabul ou no teléfono: 620 424 090



Ponte de Verán

Piscina Municipal

APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL:

venres 8 de xuño.

HORARIO:

De luns a venres de 15:00 a 21:00 h.
Sábados, domingos e festivos de 16:00h a 21:00 h.

En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas!

TARIFAS PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA

1) ENTRADA A PISCINA SEN ABONO:

-Persoas empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: ENTRADA GRATIS
- Maiores de 65 anos: 1 €
- Menores de 14 anos: 1 €
- Maiores de 14 anos: 2 €

-Persoas NON empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: 1 €
- Maiores de 65 anos: 2 €
- Menores de 14 anos: 2 €
- Maiores de 14 anos: 3 €

2) BONOS:

- Persoas empadroadas en Vedra:

	Menores de 14 anos	Maiores de 14 anos:
A) Bono de 12 baños:	6 euros	10 euros
B) Bono de 20 baños:	8 euros	15 euros

- Persoas non empadroadas en Vedra:

	Menores de 14 anos	Maiores de 14 anos:
A) Bono de 12 baños:	12 euros	20 euros
B) Bono de 20 baños:	16 euros	30 euros

3) ABONOS FAMILIARES: (composto por persoa titular, cónxuxe e fillos menores de 14 anos)

- Para familias de vedra: 36 € / por toda a tempada.

- Para familias de fóra de vedra: 100 € / por toda a tempada.

4) ABONOS INDIVIDUAIS:

- Individual: (para persoas empadroadas en Vedra): 30,00 €

- Individual: (para persoas non empadroadas en Vedra): 80,00 €.

ACTIVIDADES ACUÁTICAS

As tardes dos luns e xoves dos meses de xullo e agosto

Inicio dos cursos: luns 2 de xullo.

A data limite para inscribirse remata o 28 de xuño, as incorporacións posteriores a esa data deberán esperar 7 días para iniciar a actividade. Isto é debido a que a Lei 13/2015 de 24 de decembro obriga a que as actividades deportivas deben estar cubertas por un seguro de accidentes específico ademais do seguro de responsabilidade civil.

ACTIVIDADES DE INICIACIÓN ACUÁTICA

Nacidos/as no ano 2015 e posteriores.
Acompañados/as do pai/nai/tutor.
Luns e xoves de 15:30 a 16:15 h.

NATACIÓN INICIACIÓN I

Nacidos/as en 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014.
Luns e xoves de 16:15 a 17:00 h.

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO I

Nacidos/as en 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014.
Luns e xoves de 16:15 a 17:00 h.

NATACIÓN INICIACIÓN II

Nacidos/as en 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009.
Luns e xoves de 17:00 a 17:45 h.

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO II

Nacidos/as en 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009.
Luns e xoves de 17:00 a 17:45 h.

NATACIÓN INICIACIÓN PERSOAS ADULTAS

A partir de 14 anos.
Luns e xoves de 17:45 a 18:30 h.

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO PERSOAS ADULTAS

A partir de 14 anos.
Luns e xoves de 17:45 a 18:30 h.

PREZOS:

Cursos para menores de 14 anos:
7 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

Cursos para maiores de 14 anos:
13 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

Para a inscrición en calquera destas actividades é imprescindible ter un abono na piscina municipal de Vedra para a tempada do verán 2018.

Ponte de Verán

Ludo Verán

Un verán máis a ludoteca municipal propón un espazo de conciliación familiar moi divertido para nenos e nenas!!

Con obradoiros, xogos, actividades, excursións,... e moitas sorpresas máis!!

“Teca” e “Ludo” e o Misterio do Tempo.

Este ano a nosa aventura correrá a mans de dous personaxes aventureir@s “Teca” e “Ludo” que nos acompañarán este verán para converternos en auténtic@s descubridor@s de misterios, aos cales terémolles que atopar solucións para que a humanidade non mude a súa historia, ou si?. A través deste gran xogo aprenderemos a mirar e analizar o mundo desde outras perspectivas, ao mesmo tempo que potenciamos o noso instinto de esculcar e comprender a contorna que nos rodea.



Actividades e talleres:

- Manualidades e creatividade
- Psicomotricidade
- Contacontos
- Xogos de animación
- Gymkhanas e xogos de pistas

Outras actividades significativas:

- Taller de arqueoloxía
- Confección de murais temáticos
- Xogos de orientación
- Descubertas

- Escritura invisible
- Xogos en grupo
- Excursión educativa fóra do municipio
- Taller: ponte no meu lugar
- Xogos de Auga
- Desenterrar fósiles
- Cros de orientación
- Rastrexar animais e facer as súas pegadas.

**Horario da Ludo Verán nos meses de xullo e agosto:
de luns a venres de 8.30 A 14.30 H.**

TARIFAS DA LUDOTECA DE VERÁN:

- Prezo por 1 mes: 75 euros
- Prezo por 2 meses: 125 euros
- Prezo días soltos: 4 euros/día

Descontos aplicables:

- Casos de emerxencia social, acreditados polo Dpto. SS.SS. do Concello: 100%
- Unidades familiares con ingresos mensuais inferior ao IPREM (537,84 €.): 90%
- Unidades familiares con ingresos mensuais inferior ao 1,5 do IPREM (806,76 €.): 60%
- Unidades familiares con ingresos mensuais inferior ao 2,5 do IPREM (1.344,60 €.): 25%
- Pola condición de familia numerosa categoría xeral: 25%
- Pola condición de familia numerosa categoría especial: 40%
- Pola condición de familia monoparental, sempre que non supere o 1,5 do IPREM (806,76): 25%
- 2º Irmán asistindo á Ludoteca: 25%

As bonificación son de carácter acumulativo.

Para máis información no teléfono 699 041 486 ou no 981 814 693 en horario de 9:00 a 14:00 h. no despacho da orientadora familiar.

**O PRAZO DE INSCRICIÓN PARA A LUDOTECA DE VERÁN É
DENDE O 1 DE XUÑO ATA FINALIZAR O MES**

**TODA A INFORMACIÓN EN CADA UNHA DAS
PROPOSTAS DE VERÁN NO MAIL
cultura@concellodevedra.com
e no teléfono 981 81 4691**

GALICIA RAIL PASS, TAMÉN EN VEDRA

■ TURISMO DE GALICIA e RENFE ofrécenche este verán a oportunidade de descubrir novas paisaxes, paseando polas vilas e as cidades galegas. Poderás percorrer os litorais das Rías Altas, da Mariña de Lugo, das Rías Baixas e asomarte ás terras do interior, surcadas polos ríos Miño e Sil, salpicadas de viñedos nas súas abas. Cidades históricas como Lugo, Ourense,

Pontevedra ou Santiago, ideais para pasear; Vigo ou A Coruña, extraordinarias para gozar das súas praias; ou o Ferrol da Ilustración.

A liña 3 fai unha parada en Vedra na Estación Vedra-Ribadulla para coñecer o Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, incluído na Ruta da Camelia.

Deporte

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DA DEPUTACION 2018

■ O concello de Vedra ten adxudicado 3 prazas para os Campamentos Deportivos 2018. Este campamento está destinado a **nenos e nenas de 9 a 14 anos**, cumpridos neste ano 2018 e terá unha orientación deportiva, mediante a realización de actividades náuticas, equitación tenis, sendeirismo, fútbol, voleipraia, baloncesto,...

A estancia e manutención terá lugar nas instalacións do **Colexio Calvo Sotelo**, no Concello de A Coruña (rúa Archer Milton Huntington, 24) e a cota de participación é de **85,00 euros** por participante. A este concello correspóndelle a 3ª quenda que vai dende o **15 ao 20 de xullo**.

As inscricións realizaranse no concello con data límite do **15 de xuño**. No caso de ter máis solicitudes que prazas concedidas, realizarase un sorteo público ante o secretario do concello para adxudicar as prazas.

Máis información e inscricións no departamento de cultura e deportes: 981 814 691.

SENDEIRISMO

■ Ruta "Circular o Grove". Data: 16 de xuño.

Horarios e Puntos habituais de recollida do autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 h.
- Parada en Lestedo ás 7:40 h.
- Parada no Breixo ás 7:45 h.
- Parada en Hipercor ás 7:55 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8:00 h.

Información e reservas no 981 814 691



Cultura

PRESENTACIÓN DO LIBRO "EL VALS DE LAS HORMIGAS"

■ O próximo venres **22 de xuño**, Ana Valín García, autora de: "El vals de las Hormigas", presentará o seu libro na Biblioteca Municipal de Vedra as **20:30 horas**.



VEDRA MEDRA

Maio longo, San Xoán redondo; maio pardo, San Xoán claro

■ Como prometíamos no número anterior, en maio seguimos coñecendo o Camiño.

Nesta ocasión tocoulles a sesenta alumnos e alumnas de 3.º e 4.º de Educación primaria que fixeron a ruta desde a parroquia de San Pedro de Vilanova ata Lestedo acompañados das súas mestras.

Os camiñantes empezaron o percorrido na capela do Santiaguiño, na que repararon, así como na fonte e na lenda gravada nela. Canda eles ían TOPO, NIMO e NIMIA, as nosas mascotas, vestidas para a ocasión de peregrinos.

Na andaina, a rapazada atopou despois o albergue de peregrinos e polo camiño adiante foron realizando distintas probas que se complementaron coa lectura de poemas. O libro elixido foi *O Camiño do A ao Z* de Ana M^a Fernández e Xoán Babarro.

Comezaron lendo “Camiño” e “Xacobeo” nada máis chegar, para seguir logo cos poemas “Dragón” á beirra da fonte do Santiaguiño, “Bordón” cando tou



explicar a indumentaria do peregrino, “Vieira” e “Km” ao emprender a marcha e, xa en ruta, “Compañía”, “Lonxe”, “Universo” e “Camiños”.

Á volta, na aula, agardábanos os cuestionarios e os crebacabezas pero antes aínda deu tempo a repoñer forzas cunha boa merenda e a descansar un chisco.

O curso xa vai andado, mais seguímolos convidando a participar en **Vedra medra**. Aínda queda espazo e tempo para aqueles que o desexen e crean que a educación debe apostar por integrar o patrimonio na aula.

No **Facebook Vedra medra** poden seguir o noso traballo.

Formación e Emprego

CERTAME XÓVENES CREADORES

■ ¿Es mozo/a, creativo/a, innovador/a e tes talento?. Non o penses e participa no Certame de Xóvenes Creadores! Un certame pensado para xerar sinerxías e establecer maiores canles de participación dos mozos/as nos diferentes campos de creación artística promovendo espazos para o coñecemento, a investigación e difusión de novas propostas innovadoras. Un certame para dar visibilidade ao talento e traballo de mozos/as creadores/as.

Modalidades e Premios

Curtametraxe, Danza e Baile, Música e Micro Teatro.

- Primeiro agasallo de 3.800 € por categoría.
- Segundo agasallo de 2.800 € por categoría.
- Xovencísimo Talento (≤ 20 anos) de 1.500 €.

Diseño de moda, Fotografía, Obra Plástica e Iniciati-

va Social:

- Primeiro premio de 2.500 € por categoría.
- Segundo premio de 2.000 € por categoría.
- Xovencísimo Talento (≤ 20 anos) de 1.300 €

Inscripcións: Do 14 de maio ao 11 de xuño de 2018

Requisitos: Mozos/as españois ou estranxeiros residentes en España.

Idade: Ter entre 14 e 30 anos, ambas incluídas, na data da publicación da convocatoria. O premio “Xovencísimo Talento” outorgarase ao participante máis destacado en cada unha das modalidades, que teña unha idade menor ou igual a 20 anos na data da publicación desta convocatoria.

Máis Información: www.madrid.es/juventud
certamenjovenescreadoresmadrid@gmail.com

GALEUROPA 2018

■ **Galeuropa:** Programa de mobilidade transnacional xuvenil, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e Iniciativa de Emprego Xuvenil.

Obxectivo: Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais.

Resultados: Mellora da formación e adquisición de experiencia para a inserción laboral.

Máis información en: <http://xuventude.xunta.es>



Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ De interese...

Para unha mellor difusión dos programas de actividades trimestrais da terceira idade, informamos que todas as persoas interesadas poden obtelo nos seguintes lugares:

- **No concello** de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.
- **No Centro social da Terceira Idade** de martes a domingos de 18:00 a 22:00 h.

■ Excursión ao Pazo de Faramello e comarca do Barbanza.

Mércores 6 de xuño.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e visitas; prazas limitadas).

Programa: visita ao Pazo de Faramello, Torres do Oeste, Centro arqueolóxico do Barbanza, e lugares de interese da zona... (O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o sábado 19 de maio. As inscricións realizaranse única e exclusivamente no

Centro social. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición).

■ Bingo especial de verán.

Xoves 7 de xuño ás 20:00 h.

■ Baile-Sardiñada de San Xoán.

Sábado 16 de xuño.

Ás 19:30 h. haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custe de 5 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa). Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro social. O prazo estará aberto entre o 2 e o 15 de xuño.

■ Certame de corais do Municipio de Vedra.

Sábado 23 e domingo 24 de xuño ás 19:00 h.

Corais de: San Mamede, San Xulián, Santa Cruz e Vedra.

Clausura do certame o día 24 por parte do grupo Pandereteiras Deladeiras de San Miguel de Sarandón.

■ Clausura-fin de curso actividades do Centro Social

Martes 26 xuño ás 19:00 h.

(As persoas interesadas en participar na clausura fin de curso, deberán anotarse na cafetería do Centro social)

■ Ademais o 10 de xullo na Casa da Cultura de Santa Cruz "Contos de zapatilla" co grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra



IMSESO. PROGRAMA DE TURISMO PARA O 2018-2019

■ **REQUISITOS:** Poderán participar no programa as persoas que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Ser pensionista de xubilación do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viuvez do Sistema da Seguri-

dade Social, con 55 ou máis anos de idade.

- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Se-

guridad Social, con 65 ou máis anos de idade.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE NOVAS SOLICITUDES REMATA:

- O 14 DE XUÑO DE 2018, para acreditación nos primeiros días de comercialización do programa.

- O 26 DE FEBREIRO DE 2019, para recibir acreditacións posteriores.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais Comunitarios os luns, xoves ou venres de 8:30-14:00 h.

SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA

■ A programación do Centro Sociocultural da Terceira Idade leva desenvolvendo dende o pasado mes de xaneiro un “Servizo de estimulación terapéutica para persoas con alzheimer ou outras demencias”.

- **Horario:** Martes, xoves e venres de 10:00 a 13:00 h.

Trátase dunha actividade execu-

tada pola Asociación “AGADEA” en coordinación cos Servizos Sociais Municipais, a través dunha educadora social e unha xerocultora.

Se tes interese nesta actividade ponte en contacto no 981 814 695.

A primeira valoración para determinar a adecuación da posible persoa usuaria ao servizo determinaraa unha psicóloga.



Iniciativas Asociativas

CERTAME DE CORAIS

■ A Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla organiza o certame de corais na Casa Cultural de Santa Cruz de Ribadulla o 16 de xuño a partir das 20:30 h.



RUTA BTT POLA COSTA DA MORTE

■ Ribadoulla Cicloescusa convida a participar nunha ruta turística en BTT pola Costa da Morte. Unha ruta en plan tranquilo, para gozar da compañía e dunhas paisaxes espectaculares.

- Domingo 10 de xuño. Camariñas-Laxe (42 km).

Horarios e puntos de saída: Un autobús recolleranos nos seguintes puntos:

- Bar O Candil (Vedra): 8:00 h..
- Restaurante Victoria (Santa Cruz): 8:15 h..
- Lestedo (fronte a carnizaría A Poita Marela): 8:30 h.
- Chegada a Camariñas ás 10:00 h..

Comida: No quilómetro 26 parada para comer no restaurante O Paella, de Camelle. Despois continuaremos 16 km ata Laxe.

Prezo: (inclúe transporte e comida). Socios: 15 euros. Non socios: 20 euros.

Como anotarse: Comunicándoo a través do mail info@ribadoulla.es ou no teléfono 610 447 890.

CAMPUS DA FUNDACIÓN CELTA

■ O campo de fútbol de San Mamed acollerá un Campus da Fundación Celta do 2 ao 6 de xullo.

O campus dirixese a nenos e nenas de 4 a 16 anos de idade. Desenvolverase de 10:00 a 14:00 horas. Ademais, o venres os rapaces quedarán a comer no campo e, pola tarde, farase entrega dos diplomas nunha actividade na que poderán participar tamén os pais e nais.

Todos os participantes tomarán unha merenda a media mañá proporcionada pola Fundación e recibirán á súa chegada un equipamento completo composto por camiseta, pantalón e calcetíns. Para os inscritos antes do 31 de maio haberá un agasallo consistente nunha segunda camiseta.

Ao remate do Campus, todos os participantes recibirán o seu diploma acreditativo. Ademais, premiarase aos máis destacados cun adestramento na Madroa xunto cos nenos das escolas do Celta.

Os prezos da matrícula son de 130 euros para o público en xeral e 115 euros para abonados e membros da Fundación, así como os veciños de Vedra e xogadores/as do CD San Mamed.

As inscricións xa poden realizarse a través da páxina web fundacion.rccelta.es, no teléfono 986 213 676 ou no correo electrónico info@fundacioncelta.com. Tamén a través do correo electrónico do concello de Vedra cultura@concellodevedra.com e do CD San Mamed cdsanmamed@gmail.com.

REPRESENTACIÓN DAS OBRAS DO CURSO DE INICIACIÓN AO TEATRO

■ A Asociación Cultural Papaventos durante o curso 2017/18 organizou coa colaboración da Deputación da Coruña dous cursos de iniciación ao teatro, un para escolares e outro para adultos.

Co remate do curso chegou a hora de amosar o traballo realizado, polo que o 29 de xuño presentarán as súas creacións no Centro Social de Vedra: **Xs Papaventiñxs**, grupo de nenos e nenas dirixidos por Cristina Collazo e **A Bóla Azul**, grupo dirixido por Xoán Curiel.

O 30 de xuño, "Andaravía Teatro" representará a obra estreada neste 2018: **Moito barullo e poucas carolas**.



“XOGO DE PEÑAS” DA ASOCIACIÓN XUVENIL DORNA

■ Haberá: xogos populares, xogos de pistas, talleres, festa da espuma... Inscribe a túa peña!, mínimo 5 participantes maiores de 16 anos. NOVIDADE!! Xogo de peñas infantil (infórmatelo). Fantásticos agasallos para os primeiros clasificados!

- **Data:** 14 de xullo.
- **Lugar:** Trobe - Vedra.
- **Prezo:** 10 € persoa (inclúe seguro).
- **Inscrición + info:** 619 942 583 ou en: asociacionxuvendorna@gmail.com.



XVI FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO

■ Pazo de Ortigueira, Santa Cruz de Ribadulla. 2018

Venres 6 xullo ás 22:15 h.:

- A Cova das Letras e a Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla presentan: "A Gata con Zocos", comedia musical para todos os públicos.
- Pola tarde inchables e xogos tradicionais para os pequenos. (Gratis)

Sábado 7 xullo ás 20:00 h.:

- Banda de Música de Onil (Alicante).
- Banda Artística de Merza.
- Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla.
- Coa interpretación da overture "1812" de Tchaikovsky en colaboración coa Pirotecnia Penide e a sección de Metais das Bandas de Merza e Onil.



FESTAS EN SAN PEDRO DE SARANDÓN

■ Día 29 de xuño: San Pedro.

Misa solemne ás 13:00 horas. Sesión vermú a cargo de Ángel América. Verbena a cargo de Ángel América e Ciclón.

Día 30 de xuño: O Santísimo.

Misa solemne ás 13:00 horas.

Sesión vermú a cargo de B-B + (charanga). Verbena a cargo de B-B + e a charanga Mekánika.

Día 1 de xullo:

Misa solemne ás 13:00 horas. Pasarrúas, sesión vermú e verbena a cargo das Bandas de música de Santa Cruz de Ribadulla e Padrón.

Pirotecnia a cargo de Gaiteiro.

FESTAS EN SAN PEDRO DE VILANOVA

■ Sábado 23 de xuño: Misa ás 13:00 h e sesión vermú co Dúo "Amanecer". Pola noite celebraremos a noite máxica de San Xoán e haberá:

- Sardiñada.
- Concerto do grupo folk "Os Carunchos".
- Actuación do dúo "Amanecer".

Domingo 24 de xuño: Misa ás 13.30 h. Sesión vermú e verbena co Dúo Caché.

FESTAS EN DE SAN XIÁN DE SALES

Fin de Curso



EIM DE VEDRA:

O venres 15 de xuño ás 16:00 h. na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

CEIP DE ORTIGUEIRA:

O mércores 20 de xuño ás 12:00 h. na casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

CPI DE VEDRA:

O xoves 21 de xuño, Festa de fin de curso a partir das 10:00 h. A tarde, a partir das 15:20 h ata as 17:00 h., acto de Graduación do alumnado de 4º da ESO.

CRA BOQUEIXÓN VEDRA:

A tarde do martes 19 de xuño a partir das 16:00 h. na Carballeira do Souto en San Fins de Sales. En caso de choiva, trasladarase ao Pavillón de Lestedo.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.